

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE A LAMA E A
SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE PARA A XESTIÓN DA
MICROPLANTA DE TRANSFERENCIA INTEGRADA NO PUNTO LIMPO DE
DITA LOCALIDADE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de A Lama o instrumento convencional arriba referido con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Antecedentes

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia.

Que dende o ano 2007, en dito Concello, está en funcionamento baixo titularidade municipal un punto limpo no que se integra unha Microplanta de transferencia de residuos, habéndose subscrito entre as partes un convenio de colaboración de data 17 de xullo de 2007, por medio do cal se regulan as condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica entre as partes.

Que en virtude de dito convenio, acordouse que, de cara a optimización da xestión da instalación do punto limpo e a microplanta, o persoal do concello (ou da empresa xestora de selo caso) que xestiona o punto limpo, realice tamén a xestión da microplanta de transferencia, de tal forma que a descarga dos camións de recollida municipal se

realice de forma axeitada, dado que esa operación provoca os maiores problemas de atoamentos e indispoñibilidades.

Nese convenio acordouse que Sogama faríase cargo do mantemento e reparación das microplantas, así como da colocación e retirada dos autocompactadores cando fose necesario.

Tras varios anos de funcionamento, o número de avarias e indispoñibilidades que han sucedido son cuantiosos, debidos principalmente a que a descarga dos camiões de recollida municipal non se fai de forma controlada e axeitada.

O concello contratou unha empresa que se fai cargo das instalacións, xunto coa operación do punto limpo, reducindo as incidencias no mantemento dos autocompactadores, reducindo as indispoñibilidades polo que as partes consideran necesario regular un novo convenio, co obxectivo principal de economizar o servizo e compensar ao Concello o esforzo garantindo de mellor xeito a continuidade na prestación do servizo.

Finalidade e Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é regula-la colaboración entre o Concello de A Lama e SOGAMA para a xestión da microplanta de transferencia de titularidade municipal que se atopa dentro das instalación do punto limpo de dita localidade e que teñen a condición de bens de dominio público e servizo público.

Fundamentación do instrumento convencional:

A sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga mantendo una axeitada operatividade das instalacións de transferencia, mediante a colaboración das dúas entidades implicadas, acadando deste xeito economizar a prestación do servizo, garantindo a súa continuidade e a calidade da prestación aos usuarios das instalacións.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 23.750 euros, con cargo aos seus orzamentos, segundo estimación de afluencia de 5.000 toneladas de residuos transferidos na planta ao ano polo importe de 4,75 euros sen IVE.

Ao non superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, e non ter unha duración plurianual, non é precisa a autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6º de dita norma, sen prexuízo de que, de acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino
Presidente